

LIMIAR

Dende a Vicepresidencia da Deputación de Lugo - Área de Cultura consideramos que apoiar esta publicación está en consonancia coa defensa que facemos de recuperación do noso patrimonio e da nosa memoria como pobo.

A edición do libro de actas das XVI Xornadas do Peregrino “Abrindo Camiño”, que levaron o título de "Camiño de Santiago e emigración", e que serviron de lembranza e posta en valor da figura de Andrea López Chao. vén por o ramo ó traballo desenvolvido. Permitindo as lectoras e os lectores abrirse a novos puntos de vista e ós camiños da pedagogía, o asociacionismo e as cuestións de xénero na emigración, e máis concretamente na Cuba de 1900.

A emigración foi unha sangría para Galiza pero tamén tivo o seu contrapunto: un enriquecemento da nosa cultura coas novas culturas que absorbía a xente, ademais de toda a cultura galega que se fixo e que se desenvolveu alí, non debemos esquecer que A Habana e Bos Aires foron os sitios que acolleron ós nosos intelectuais e foron berce do himno, da nosa bandeira e de moita galegitude.

A traxectoria de Andrea López Chao na Habana queda plasmada no seu labor como directora do “Plantel Concepción Arenal” e por ser a primeira dirixente muller da “Sociedad Hijas de Galicia de Cuba”, o que amosa as súas inquedanzas, a súa mentalidade progresista e o compromiso cos avances para a muller na sociedade cubana.

Por iso lembrar e celebrar a figura de Andrea López Chao non é simplemente celebrar unha personalidade máis, reivindicala é un acto de memoria e é un novo fío que nos une a Cuba. Tentar recuperar a pegada galega en Cuba a través deste tipo de figuras é devolver parte do que lles debemos ós galegos de Cuba. Nesa viaxe de ida e volta que é a emigración, as escolas indianas, xunto con outros proxectos foron moi importantes para a Galiza da época e por iso é de xustiza asegurarnos de que a pegada galega en Cuba, a través do traballo e da memoria de Andrea López Chao, siga máis viva ca nunca.

Iria Castro Fernández

Deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio
Histórico Artístico e Normalización Lingüística